



**ACORDO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SECCIÓN DE INMUNOLOXÍA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 23 DE OUTUBRO DE 2023 (DOG Nº 208, DO 2 DE NOVEMBRO DE 2023), POLO QUE SE CONVOCA Ó ASPIRANTE AO ACTO PÚBLICO PARA A DEFENSA DO PROXECTO TÉCNICO.**

A base sexta da resolución do 23 de outubro de 2023 (DOG nº 208, do 2 de novembro de 2023) da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de Sección de Inmunoloxía dispón que, unha vez nomeada a Comisión de Avaliación, procederase a convocar os aspirantes para a celebración do acto público de defensa do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional.

Polo que antecede, a Comisión

**ACORDA**

Convocar ó aspirante á praza de Xefe/a de Sección de Inmunoloxía para o acto público de exposición do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional, que terá lugar o día **26 de xaneiro de 2024**, ás **12:00 horas**, na aula nº 1, sita no 1º andar do **Hospital Teresa Herrera**. O tempo máximo de exposición do que disporá o aspirante para a defensa do proxecto será de 40 minutos.

O aspirante deberá vir provisto do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade.

Asinado dixitalmente na Coruña

Asdo.: Alejandro Ávila Álvarez

Presidente da Comisión de Avaliación

**DILIXENCIA:** Para facer constar que na data da súa sinatura dixital procédese a publicación da presente Resolución.

Asinado dixitalmente na Coruña,

Asdo.: Javier Fernández Nistal

DIRECTOR DE RR.HH.

